

O Sacaúntos

por Paula Carballeira



JOAN SUBIRANA (SUBIR)

Eu aínda teño medo polas noites. Supoño que iso lle acontece a moita xente, sobre todo cando hai tormenta e durmes no piso alto da casa, a carón do tellado, e sintes zoar o vento coma se levase con el as voces de tódolos difuntos. Creo que esa é a razón de que eu escriba, así podo poñerlles corpo ás voces, imaxinarlles un aspecto. O peor é non saber a quen ou a que lle tes medo, ter medo sen máis, porque deste xeito non hai maneira de vencelo e debes aprender a vivir con arrepios nas costas, con asubíos descoñecidos entrando polas xanelas.

O meu pai tenlle medo ao mar, pero cando pode sae a pescar na súa barquiña pequena, tan pequena que unha onda poderosa de océano a tragaría sen decatarse. A miña nai tenlle medo ao mal de ollo e, se sospeita de alguén, agacha saquiños de sal detrás das portas. A miña avoa persígnase ao pasar por un cruceiro; e ata houbo un tempo no que o meu irmán levaba allos en cada peto porque lle dixeran que os vampiros non vivían só en Transilvania, que tamén en Galicia había chuchasangues.

Eu non sei de que teño medo, o caso é que o teño. Éntrame de súpeto, a miúdo cando estou a piques de durmir. Amóla-

me moitísimo, porque se sinto frío na caluga xa non son quen de pechar os ollos. Sei que é unha parvada, que por moito que teña os ollos abertos non vería nada, pero non podo pechalos. ¿Quen podería durmir se soubese tódolos perigos que esperan o noso descoido para saltarnos enriba? Só alguén como Laura, como a valente Laura.

Laura tíñalle medo ás pantasmas, ás bruxas, aos sapos e curuxas, aos chuchasangues, ás pínigas, aos lobisomes, ao Home do Saco e, sobre todo, ao Sacaúntos. Por medo ao Sacaúntos, Laura era gorda e tatexa. Comía moito para esquecelo, intentaba buscar as palabras que avisasen ao seu pai do perigo, pero cando quería dicir algo tan complicado como: «Escoita ben, andan pantasmas no faiado», só lle saía da boca un «pa... pa... pant... pant... pantaaaaaa...», ao que o seu pai respondía:

—Cala, nena, é o vento.

Sen que a ela lle dese tempo de explicar nada máis.

Á noitiña, Laura vía aparecer o Sacaúntos acompañado polas criaturas de pesadelo. Tódalas criaturas, agás o Sacaúntos, quedaban na porta do faiado, laíandose e arrastrando as súas roupas para meterlle o medo no corpo. Pero o



JOAN SUBIRANA (SUBI).

Sacaúntos achegábaselle enchendo as tebras, os dentes coma coitelos, tan afiados que neles se reflexaba a luz da lúa, e as unllas longas coas que separaba a carne do unto, o unto de nenas que despois vendía na feira e que mercaban os curandeiros para os seus conxuros.

Se nalgo lle importaba a Laura estar gorda, era por non ser rápida abondo para saltar, esquivar ou fuxir do Sacaúntos. Se nalgo lle importaba ser tateixa, era por non berrar o nome do Sacaúntos ata quedar rouca. Por iso Laura decidiu enfrontarse co Sacaúntos, para

que a deixase en paz antes de que o medo a asfixiase.

Aquela noite, cando o Sacaúntos lle soprou na orella, Laura apuntouno coa linterna directamente aos ollos, e o Sacaúntos desfíxose no aire, amodo, coma se nunca estivese alí.

Laura lembrara que moito tempo antes o seu avó lle contara as historias das criaturas de pesadelo, que lle dixera:

—Corre o rumor de que agora moi pouca xente ve pantasmas ou trasnos porque hai luz eléctrica. Non me estrañaría. A luz éncheo todo, non teñen on-

de agacharse, e as pantasmas precisan escuridade como ti precisas aire para respirar.

Así foi como Laura venceu ao Sacaúntos, ou polo menos, como venceu o seu medo ao Sacaúntos, porque aínda sabendo que podería mandar fóra da casa a tódalas criaturas de pesadelo, Laura non o fixo. Deixounas estar no faiado, laiándose e arrastrando as roupas, para que cando o seu pai comentase:

—Ao mellor hai trasnos no faiado.

Laura puidese dicir sen trabucarse:

—Non, cala, é o vento.